

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS**

### **Artigo 1. Fundamento e réxime**

1. No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, o artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e de acordo co previsto no artigo 59.2 e artigos 15 e seguintes do Real Decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Covelo establece o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

2. Este imposto rexeráse polo disposto nos artigos 100 a 103 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polas disposicións que a desenvolvan e polo que dispón esta Ordenanza.

### **Artigo 2. Feito imponible**

1. O imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, teñan ou non a devandita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.

2. As construcións, instalacións e obras ás que se refire o apartado anterior poderán consistir en todos aqueles actos suxeitos a licenza segundo o previsto na Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, en particular:

- a. Obras de nova planta e ampliación de construcións existentes.
- b. Obras de modificación ou de reforma tanto as que modifiquen a disposición interior como o aspecto exterior.
- c. Obras de demolición.
- d. Instalación de rótulos e letreiros.
- e. Peche de terreos.
- f. Aliñacións e rasantes.

- g. Obras de fontanería e rede de sumidoiros.
  - h. Obras en cemiterios.
  - i. Obras e instalacións industriais.
  - j. Obras de urbanización
  - k. A instalación de tendidos ou canalizacións eléctricas, telefónicas, de telecomunicacións, gas, antenas ou dispositivos de calquera clase e outros servizos similares.
  - l. Calesqueira outras construcións, instalacións ou obras que requiran licenza urbanística.
3. Non estarán suxeitos á obriga de contribuír os titulares de licenzas para branqueo, pintado ou reboco de exteriores, cerramentos con elementos vexetais e con elementos non opacos.

Non estarán suxeitos ó pago do imposto de licenzas de pozos e fosas sépticas emprazados en zonas sen servizo municipal de auga e rede de sumidoiros, respectivamente.

### **Artigo 3. Suxeitos pasivos**

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, da instalación ou da obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realiza a obra.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, terá a consideración de dono da construción, da instalación ou da obra quen soporte o gasto ou o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do mesmo os que soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou quenes realicen as construcións, instalacións e obras.

O substituto poderá esixirle ao contribuínte o importe da cota tributaria que satisfixo.

### **Artigo 4. Exencións**

Está exenta do pagamento deste imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, a Comunidade Autónoma ou as entidades locais, que, aínda que estea suxeita ao imposto, vaia ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos,

aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e de augas residuais, aínda que a súa xestión a leven a cabo organismos autónomos e tanto que se trate de obras de investimento novo como de conservación.

### **Artigo 5. Base imponible**

A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, da instalación ou da obra. Para tales efectos, enténdese por custo real e efectivo o custo de execución material da construción, da instalación ou da obra.

Non formarán parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e os demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, os prezos públicos e as demais prestacións patrimoniais de carácter público local que estean relacionadas, de ser o caso, coa construción, coa instalación ou coa obra. Tampouco formarán parte da base imponible os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.

### **Artigo 6. Cota tributaria e devengo**

1. A cota tributaria será o resultado de aplicarlle á base imponible o tipo de gravame.
2. O tipo de gravame queda fixado no 2,1 %.
3. O Imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivera a correspondente licenza.

### **Artigo 7. Bonificacións**

1. Gozarán dunha bonificación de entre o 50% e 95% na cota do Imposto as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

Non obstante, as obras colectivas de utilidade pública e interese municipal que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, contempladas nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, de 2 de abril, gozarán da bonificación no seu grao máximo do 95%.

Corresponderá dita declaración así coma fixación do porcentaxe de bonificación, ao Pleno da Corporación en función das circunstancias concorrentes en cada caso, e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

2. Gozarán dunha bonificación do 50 % na cota do imposto as construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar. Esta bonificación aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o orzamento de execución material das obras especificamente destinadas á sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente. Non se concederá esta bonificación cando a implantación destes sistemas sexa obrigatoria a teor da normativa específica na materia.

Dita bonificación terá carácter rogado, a solicitude do suxeito pasivo. Presentada a solicitude para a aplicación de dita bonificación, corresponde aos Servizos Municipais de Urbanismo, previa comprobación e valoración das obras incluídas no proxecto, formular informe sobre a súa concesión.

3. Gozarán dunha bonificación do 70% na cota do Imposto, as obras de reforma de edificacións xa existentes que se realicen co fin de favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. Esta bonificación aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o orzamento de execución material das obras especificamente destinadas á eliminación de barreiras arquitectónicas polo tipo impositivo.

Dita bonificación terá carácter rogado, a solicitude do suxeito pasivo. Presentada a solicitude para a aplicación de dita bonificación, corresponde aos Servizos Municipais de Urbanismo, previa valoración das reformas que se pretenden realizar, formular informe sobre a súa concesión.

4. As bonificacións previstas no presente artigo non son acumulativas, e non será aplicables simultaneamente.

## **Artigo 8. Normas de xestión**

1. O imposto esixirase en réxime de autoliquidación.

2. Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación en impreso habilitado ó efecto pola Administración Municipal, efectuando o pago previamente á retirada da licenza

concedida, en calquera entidade colaboradora, e, en todo caso, dentro do prazo máximo de un mes, contado a partir do momento en que lle fora notificada a concesión de dita licenza.

3. A autoliquidación presentada terá carácter provisional e determinarase a base impositiva do tributo, en función do presuposto aportado polos interesados, sempre que o mesmo estivese visado polo Colexio Oficial correspondente; noutro caso, a base impositiva será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custo estimado do proxecto que establécese no Anexo desta Ordenanza.

4. Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e atendendo ao custo real e efectivo da mesma, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base impositiva á que se refire o apartado anterior practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Cando se produza calquera circunstancia que modifique o custo real e efectivo das construcións, instalacións ou obras que serviu de base para a determinación da cuota tributaria, os suxeitos pasivos están obrigados a presentar no prazo dun mes, declaración complementaria e a ingresar o importe resultante.

### **Artigo 9. Inspección e Recadación.**

A inspección e recadación realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e demais disposicións reguladoras da materia.

### **Artigo 10. Infraccións e sancións**

En materia de infraccións e sancións, será aplicable, segundo o dispón o artigo 11 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a regulación contida na Lei 58/2003, xeral tributaria, e demais disposicións que a complementen e a desenvolvan.

### **Disposición final**

A presente ordenanza Fiscal consta de dez artigos, e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata que se modifique ou se derroge expresamente.

## Disposición derogatoria

A partir da data de entrada en vigor desta ordenanza fiscal, queda derogada a anterior Ordenanza fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

## ANEXO

### LISTADO DE MÓDULOS E PREZOS MÍNIMOS

#### OBRAS MENORES

1. m <sup>2</sup> Reposición cuberta	14,40 €
2. m <sup>2</sup> Limpeza paredes de pedra	2,41 €
3. m <sup>2</sup> Reposición cristais	9,60 €
4. m <sup>2</sup> substitución carpintería	38,40 €
5. m <sup>2</sup> Sollado de terrazo	9,60 €
6. m <sup>2</sup> Sollado de cemento	4,80 €
7. m <sup>2</sup> Sollado de parqué	14,40 €
8. m. Rodapé	1,90 €
9. m <sup>2</sup> Encintado	0,90 €
10. ud. Porta madeira	62,50 €
11. m <sup>2</sup> Pintura	1,90 €
12. m <sup>2</sup> Azulexado	9,60 €
13. m <sup>2</sup> Reboque	5,70 €
14. m <sup>2</sup> Falso teito	8,10 €
15. m <sup>2</sup> Mampara	43,20 €
16. m <sup>2</sup> Impermeabilización	3,30 €
17. m. Baixante	8,40 €
18. m <sup>2</sup> Cámara de aire	9,60 €
19. m <sup>2</sup> Reixas de seguridade	48,00 €
20. m <sup>2</sup> Picar cales	2,40 €
21. m <sup>3</sup> Limpeza ou roza de terreos	1,40 €
22. m <sup>3</sup> Escavación	2,60 €
23. ud. Punto luz, enchufe	11,50 €
24. ud. Fosa séptica	269,20 €
25. ud. Pozo auga	721,20 €
26. ud. Lápida	144,20 €

27. Instalación aparatos sanitarios c/u	57,70 €
28. m <sup>2</sup> Construción escaleira	28,80 €
29. m <sup>2</sup> Apertura de oco	4,80 €
30. m <sup>2</sup> Toldo	48,00 €
31. m <sup>2</sup> Marquesiña	144,20 €
32. m. Cala	24,00 €
33. ud. Entrada carruaxes	14,40 €
34. m <sup>2</sup> Rótulo opaco saínte	209,00 €
35. m <sup>2</sup> Carteleira publicitaria	21,60 €
36. ml. Peche de aramado con postes	16,80 €
37. ml. Peche de bloques de formigón	12,00 €
38. ml. Peche de pedra	36,00 €

### **XENÉRICOS**

39. m <sup>3</sup> Muro contención	100,90 €
40. ud. Instalación grúa	480,00 €
41. m <sup>2</sup> Construción cuarto de baño	240,40 €
42. m <sup>2</sup> Construción de galpón	24,00 €
43. m <sup>2</sup> Demolición de muros	38,40 €
44. m <sup>2</sup> Pequenas Demolicións	5,20 €
45. ud Reforma fontanería de unha dependencia	180,00 €
46. ud Reforma fontanería de toda a vivenda	1200 €
47. ud Reforma electricidade de unha dependencia	170 €
48. ud Reforma electricidade de toda a vivenda	1040 €